

Remexido de patacas

ELI RÍOS



BAÍA EDICIÓNS

*A Héitor Picallo
pola terra na que agroman os afectos.*

Prólogo

Hai, e debe haber, para nutrirnos de algo máis que o paradigma, unha serie de lendas urbanas, ás veces negras, arredor das historias ou das autoras. No caso de Eli Ríos non podía ser menos. Autora prolífica, mutante, desafiante e pouco complacente coa escrita, adoito chegamos a ela a través dunha obra non ordenada de maneira cronolóxica. E esta, querida persoa lectora, é unha parte importante do xogo que Ríos, sempre atenta ás reaccións sobre a súa escrita, nos presenta.

Hai un mapa de lugares que se poden chamar *Luns* (Xerais, 2017) ou *DX* (Urco, 2018), mesmo *Culpable* (Xerais, 2017), *Marta e a Píntega* (Galaxia, 2016) e *Bicha* (Deputación de Ourense, 2015), entre outras. Dá igual por onde atravesar, cada persoa chega a través da súa intuición á ágora central da autora. Deberíamos chamarlle arañeira, xa que unha vez prendidas nas primeiras páxinas non daremos saído nunca. Camiñarémolle o todo.

E é por iso que a lenda urbana falaba de todo o anterior a *Luns*; voces sabidas mencionaban unha obra anterior e inédita na que se adiantaban cousas, estilo, maneiras. Todas as memorias lembraban ter oído, tocado ou sentido este *Remexido de patacas* que agora si, por fin, é libro.

Para falar de Ríos, mételle unha marcha máis viva!

Pois aquí estamos, na traslenda de *Luns* (xa estás tardando se aínda non, aí atrás xa din as coordenadas) e a autora mesma avisa de que vai doer. *Remexido de patacas* foi premio Modesto R. Figueiredo de relato nun deses anos que non quedaron recollidos nun deses libros que despois fican nos rochos agardando ser liberados. Mellor así, mellor para nós. Velaquí que se fixo a lenda do que foi premiado e logo non existe e que por fortuna vén completar un ciclo do xogo.

E o xogo da autora é algo común ás súas obras: o avance e a freada. A tocata e a fuga. O aí queda iso, apáñate. Eli Ríos escribe entre grave e divertida e nunca deixando de lado a realidade social dolorosa e tanxible, sempre desde a perspectiva de xénero e sempre con proclama feminista. Pero.

Trata de arrincalo!

Ela (Eli) sobe contigo neste vehículo do que é dona. Preséntache a viaxe: *Remexido de patacas* conta unha historia de todos os días, home e muller ou muller e home, parella do común, situacións domésticas habituais e roces, medo, dor. Unha escena constante de submisión e descompensación patriarcal, unha parálise constante para a protagonista, machucada e angustiada. Diche que hai que preparar a caixa de primeiros auxilios (o emocional e o outro) e que a historia vai facer unha mancadura en ti tamén porque os límites do real rozarán a túa pel nos puntos máis sensibles. E todo vai como unha seda porque a prosa é espida, referencial e actual, está desprovista de artificios que non sexan as anotacións coloquiais do pensamento da protagonista, e circula sen obstáculos. O motor soa

deliciosamente. Pero notas que doe. A realidade doe porque dous non se entenden e ti estás vendo que Ríos é unha muller potente e revirada e por isto mesmo as mulleres das que escribe e para as que fala tamén o son e ti, copilota, estás xa tan pendente desta anónima descoñecida que vén de presentarche que xa non podes baixar do vehículo e queres seguila, axudala a moverse como o fai Pili, esa veciña que aparece para ser axuda ou cómplice ou peza clave. Igual que o es ti.

Embraga; segunda

Moncho, Pili, señora María, nomes normais para unha historia do normal, de inseguridades, posesión e medo contada na voz dunha muller á que non lle coñecemos aínda nome, idade nin pasado. Pero non quedan as cousas así, olla como se vai revolucionando o motor e a autora embraga, tintina o artefacto e collemos velocidade.

Hai unha tortilla a medio facer e un saquiño de patacas estrañas que pasan de man e man¹ e eu, que son prologuista omnisciente², só podo ir ata aquí acompañándote, lectora (ou

1 Isto dedúcelo ti, persoa lectora, porque nunca che dixen, en todo o texto, que fosen patacas hihihihihihihihihihihih. Falo das patacas que se pican para a tortilla, da bolsa de patacas fritas e que o legado son patacas, pero o que pasa de man en man, o que se lanza etc, nunca ten nome en todo o texto. De feito a palabra 'pataca' só aparece cinco veces en todo o texto (incluíndo o título). Conclusión: ti queres que sexan patacas (xoguei co teu subconsciente).**

* *Aaaacabaremos! Daquela estasmе a dar a razón nisto de que artefactas de tal maneira para facer infartar a xente.*

*** *NOTA PARA A EDITORA DA OBRA: Avisar dos problemas para a saúde pública das obras de Eli Ríos.*

2 Pero o as para matar o tres téño eu, querida prologuista, como autora omnisciente primeiro e pedal, que non ves, ata que bate no chan, mentres deixamos a paisaxe ao noso lado. Isto non vai de lirismos, querida Pedreira! Cóntallo á persoa lectora e terma do cabelo que se che espeluxa co vento.**

* *Querida autora dos meus desvelos: agradézochе a preocupación polo meu peiteado. Porén a ti non se che move un cabelo nisto de argallar por baixo da escrita.*

lector, sé benvido tamén, que aquí fas boa falla) porque a velocidade me dá un algo de respecto.

Eli sorrí e segue pisándolle.

120 Km/h, veña!

Que pasa cando deixas unha escritora soa nun cuarto escuro, a cuspes ás marxes e a deixas aí soa, sen vixiar porque parece que non ten nada de perigo? Tan mainiña ela, tan feminina, ben comportada, *tan cursi polo xardín* (en palabras do outro poeta)³. Pasa que xa a cagaches, meu rei, que se che escapou. Que nas marxes a escritora está tan a ghusto, home, que fixo cuarto propio e casa da árbore e reino total e aí goberna. Así que non imaxines unha historia cómoda ou compracente, de aquí o coche sae riscado. Chámalle Moncho, tamén, chámalle home do común, chámalle patriarcado que é esa man negra que nos di “estate aquí, quietiña” e chámalle xa me estou cansando de como nos van pintando a vida a nosoutras e quero saír aínda que deixe a pel polo camiño. E, como xa dixéramos que era revirada, combativa desde as marxes, o *Remexido de patacas* pode ser un pouco indixesto, mesmo tóxico para sistemas –dixestivos– delicados.

Non sexas gourmet! É delicia deixarse levar por esta historia, nela imos vendo medrar unha revolución interna mentres xiran as rodas a piques do derrape.

3 Eu!?! Aínda me han quitar a nacionalidade seghadorila como se saiba por aí...**

** *Tranquila, será un segredo entre nós as dúas, agora que ninguén nos mira...*

Ups, she did it again

E, como fai sempre esta condutora nosa, aínda con todos os puntos no carné, estamos cerquiña xa do cantil e pousa unha pedra no acelerador, di *chau* e chouta fóra. Aí queda iso. Ou vai ou racha. Ou colles o volante e endereitas, tomas decisións e espertas ou espétaste na próxima reviravolta. Onde perdiches o control do asunto? Quen che mandaría a ti? Ti sabes o que é a adrenalina de todo o sangue acumulándoseche entre o peito e o cerebro? Non? Pois le. Total, xa estás perdidx.

Emma Pedreira

I

Cando todo pasou é moi fácil mirar atrás e decatarte dos erros. Cando ves as cousas na pel doutra persoa, tamén. O difícil do conto é actuar desde dentro de ti mesma no momento en que as historias acontecen. Na velocidade do real. No intre exacto. Aquela mañá de mércores lembro ter pensado que me daban moito noxo os ovos con restos de cacas. Que moi enxebre e moi tal pero para min non era máis que unha lembranza de que ía comer unha cousa saída dun cu. O traseiro dunha galiña. Cousa, cando menos, cocha, cocha... cocha onde as haxa! Logo, como xa repetín, mil e unha vez, non recordo con claridade o que aconteceu. Remexín os ovos para sacar de diante a tarefa máis desagradable e cando fun picar as patacas non estaban. Xuraría que as tiña enriba da mesa pero non aparecían. Non, non. Revirei as lacenas e non quedaba, nin sequera, unha bolsa desas fritidas que me daba para facer un apaño. Non había outra solución máis que baixar á tenda de Milucha. Nos chanzos do cuarto encontrei o Moncho que viña de traballar. E enfadouse. E rifamos. E empurroume. E caín. E abrín a cabeza e non morrín porque non era a miña vez por moito que o desexase. Nestas cousas o que

unha quere e o que realmente pasa son países diferentes do planeta. Esa sería a primeira vez que as sentiría preto de min aínda que non o sabía. Non era consciente. Elas queríanme dicir algo pero eu non estaba preparada para escoitalas.

Estar no hospital foi o meu spa particular. Alí dábanme a comida e non tiña que fregar os cacharros! Tamén puíden durmir. E, desta vez, moito mellor. Está mal que o diga pero agradecín que a xente estivese de neura con isto das mulleres que matan porque así levaron o Moncho un par de noites a canda os gardas. Non lle quería desexar mal, non. Só me apetecía durmir un anaco. Descansar o corpiño. É agradable espertar pola mañá como se levases setecentos anos de soneca e non ter nada que facer. Nin pasar o ferro, nin berrar, nin facer almorzos, nin aguantar insultos, nin baixar ao mercado... Só erguerte e deixarte levar pola caloriña da ducha mentres escoítas como a enfermeira arrastra o carro do café e o recendo a persegue polos corredores. Sentar coa túa cunca, na beira da xanela, a mirar como esperta a cidade é un pracer que todas deberíamos poder experimentar algunha vez na vida. Algo tan barato e tan caro de conseguir. E alí tiña o amencer todiño para min.

As cousas boas rematan. Sempre. E iso é o que nos permite valoralas. Se non tivésemos momentos penosos na nosa vida, non seríamos quen de comparar e, entón, non distinguiríamos o bo do malo. Xa se sabe... a felicidade vén en botes pequenos. Deixar aquel cuarto onde me sentía segura foi triste pero sabía que non tardaría en regresar a un parecido. Era lei de vida. Cando iso acontecese, volvería durmir. Agora, tocaba recoller a bolsa plástica da roupa coa que chegara e tirala

ao lixo porque o sangue callado non dá nas prendas. Subir ao autobús e entrar nunha casa na que a soidade gañara os espazos. Excepto un: a mesa da cociña. Alí, aliñadas á miña espera, estaban elas. As caras serias anunciaban treboada con marusía e ventos de forza cinco a seis. Sentei na cadeira onda elas.

II

Os gromiños enrabeçados deberían meterme medo pero, pola contra, recórdanme os peiteados de cando a nena era pequena. Nese momento no que o cabelo é anano e, ao recollelo, quedaban as puntas saíndo pola beira da goma. Todos crechos. Non está o alcacén para gaitas e non podo evitar miralas coa tenrura da nai que ten un niño baleiro. Hai moitos anos que a nena emigrou a Londres. Cada día doe menos pero aínda proe ao rascar. E comer e rañar, todo é empezar! O complicado é saír da espiral viciada porque unha vez que se abre a espita do gas xa non hai quen o meta dentro. E rascas e rascas e rascas e pensas que se a nena estivese na casa non se atrevería. Ela é unha moza das de hoxe, desas que se teñen que ir onda os gardas non lle tremen as pernas. Ela axudaría che a perder o medo pero estando tan lonxe tampouco é razón para preocupala. Xa abondo terá ela coa súa *life*. E rascas e gustaría che que che aquelase a sutura que levas entre o cerebro e a codia da cabeza. As grampas prateadas que xuntan as beiras da pel. Non hai vida sen utopía. Un cariño na rotura dos pensamentos. Acougar a dor. Non a física senón a que vai por dentro e non ten bochas nin

negróns. Esa que non desaparece con un ibuprofeno. Saber que os dedos que premen o algodón empapado de Betadine tamén serán os que agarimen o interior. Debería chamala. Contarlle que elas están anoxadas comigo e que non me falan. Desprezan a miña falta de decisión aínda que non me xulgan. Podo ver nas súas tonas a rabia e a tristura por non seren capaces de rescatarme de min mesma. A nena si me rifaría. O amor tamén magoa. escoitar o que non queres non é unha pílula fácil de pasar pola gorxa. Ela diríamo e non me apetece oílo. Prefiro e escollo o odio secreto. É máis sinxelo de soportar. Sen o risco de que pida uns días libres e suba ao primeiro avión. Mataríame verlle o meu reflexo na súa mirada dorida. A nena non escolleu: as cartas viñéronlle dadas. Non podo facerlle tal. Pobre. A responsabilidade é miña. Mentres non lle poña palabras, para ela non existirá esta situación. Vivir na ignorancia. Calquera día hamo botar en cara: que non teño dereito a tomar estas decisións por ela, que hai ben anos que ten pelos nos sobacos, que son egoísta por gardar todo para min, que non é bo que me refuxie na vergoña e no orgullo porque só me levarán aos túneles das toupas. E ten razón pero non me quedan forzas para facerlle dano. Non quero falar coa nena hoxe por moito que me insistades. Mañá é outro día e xa veremos. Calan e o ambiente cárgase desta tensión silenciosa que anuncia unha explosión inminente. Un grisú emocional entre a cociña e a sala. Só falta o misto. Se me prendo saltará todo polos aires. Elas, a nena, eu... Se axunto o grisú emocional coa bombona do butano igual até era quen de levar a casa, tamén, por diante. Non! Nunca fun violenta e non vou comezar agora. Que culpa terán as

veciñas que se escornan para pagaren as súas hipotecas? E as pequenas que xogan no cuarto cos clicks? Definitivamente, a bombona só para o quentador e os lumes. E, ao recuperar a tranquilidade, escoito a súa voz no corredor co meu nome entre as mirinxes. O ton insire un aviso no meu espiñazo: está enfadado. E moito.